



O INCIO



GUÍA DO PATRIMONIO

■ PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

- O AGRO
 - Os pombais
 - Os hórreos
 - As alvarizas
 - As ouriceiras
 - O foxo do lobo
 - Vargos, chantos e paredes de pedra
 - Camiños de carro
- A AUGA
 - Os muíños
 - As presas e os canais
 - Os lavadoiros
 - Augas ferruxinosas
- A PEDRA
 - As minas
 - Os caleiros

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

➤ O AGRO

- A actividade agraria leva séculos sendo a base da economía familiar e, sobre todo, da alimentación das familias e do gando que criaban.
- Desenvolver esta actividade nunha zona montañosa e sen mecanización como sucedeu nos séculos pasados fai que sexa imprescindible poñer en valor os esforzos e as solucións construtivas que atopou a poboación para evitar as carencias e dificultades que na actualidade nos parecen moi sinxelas.
- Hoxe en día o modelo económico do rural mudou no tocante ás explotacións agrarias, cambiando as pequenas explotacións diversificadas por explotacións moito máis intensivas e dependentes de bens alleos.

No Concello de O Incio aínda atopamos un gran número de explotacións moito menos intensificadas, máis diversificadas e pouco dependentes do exterior, o que proporciona unha relación moito máis sustentable co medio e proporciona producións de gran calidade.

- Hoxe no Concello podemos atopar dúas zonas diferenciadas no tocante á produción agrogandeira, unha primeira localizada na depresión do Lemos, onde achamos unha maior cantidade de explotacións de vacún de leite, e outra zona máis montañosa no leste, na que podemos atopar máis gando vacún de carne e cabrún.
- Esta actividade gandeira fai que exista unha gran cantidade de praderías e pasteiros ao longo do Concello, que se mesturan coas producións de hortas máis próximas aos núcleos que son empregadas principalmente para o autoabastecemento das familias.

Támén podemos atopar unha explotación cooperativa de porco celta en Goo na que se fai un aproveitamento comunal dun soto para a alimentación destes animais pertencentes a unha raza autóctona galega en perigo de extinción.

- Por último destacamos o aproveitamento dos produtos silvestres que se fixo desde tempos pasados, xa sexan as castañas dos soutos, o mel, os cogomelos, os arandos,... dos que derivan boa parte dos elementos identificados a continuación.

Pombal de A Cruz do Incio

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

SANTA CRUZ - A Cruz do Incio.

■ ACCESOS:

Chegaremos á capitalidade municipal pola estrada LU-644 e xiraremos cara a estrada que vai a Hospital-A Ferrería. Segundo imos a man dereita atoparemos unha rúa sen saída desde a que se pode ver o pombal.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase bastante ben conservado.

■ ENTORNO:

O pombal, aínda que se atopa no

núcleo de A Cruz do Incio, está nunha zona de hortas separado das edificacións.

Pode verse con facilidade desde o final da rúa sen saída, aínda que non se recomenda acceder á parcela onde se sitúa.

■ DESCRICIÓN:

Actualmente só existe un dos dous pombais que existían na Cruz do Incio, sendo este de planta circular e características semellantes aos existentes no Concello.

Pombal de A Cervela

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

A CERVELA - A Cervela.

■ ACCESOS:

Desde a estrada C-546, dirección Lugo-Monforte, existen tres desvíos a man dereita para acceder a A Cervela, aínda que mentres duren as obras da vía rápida recoméndase o desvío do km 39 cara a Vilar da Vara e seguir ata Fruxil, onde nos desviaremos á dereita ata Aibrexe e de aí seguiremos por unha pista que nos levará a A Cervela. Desde aquí baixaremos por uns prados cara o sur.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase pouco alterado.

■ ENTORNO:

O pombal, illado de construcións, está nunha zona de prados de suave pendente, próximo ás casas de A Cervela.

Difícil de divisar con facilidade pois o camiño de acceso está pechado na actualidade.

■ DESCRICIÓN:

Pombal de construción circular con muros caleados en cor branca e cuberta de lousa que remata no cumio nun pináculo.

Pombal de Serra de Abaixo

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

SANTALLA - Serra de Abaixo.

■ ACCESOS:

Desde a estrada C-546, dirección Sarria-Monforte, desviarémonos á esquerda en Noceda, pasando por Castelo, ata chegar a Santalla. Alí seguiremos ata a igrexa e accederemos por unha pista á dereita a un prado onde se atopa o pombal.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase deteriorado, aínda que conserva a súa estrutura.

■ ENTORNO:

O pombal, illado de construcións, está nunha zona de prados de suave pendente, próximo ás casas de A Cervela

Difícil de divisar con facilidade pois o camiño de acceso está pechado na actualidade.

■ DESCRICIÓN:

É un pombal de construción circular con muros caleados en cor branca e cuberta de lousa.

Pombal de Vila Reguenga

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

EIREXALBA - Vila Reguenga.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio dirixímonos pola LU-644 ata o km 9, onde nos desviaremos á dereita cara a Eirexalba. Pasando o lugar do Redondo podemos ir pola pista que pasa pola capela e seguir ata Vila Reguenga onde subiremos por unha pista a man dereita desde a que se divisa o pombal.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

A cuberta está dominada pola

vexetación, aínda que o pombal mantén a súa estrutura.

■ ENTORNO:

Illado das construcións, atópase nunha zona de prados desde a que podemos dirixirnos a Pena Furada.

■ DESCRICIÓN:

O pombal é de planta circular con muros de laxas de lousa e cuberta do mesmo material. Remata no cumio cun pináculo.

Pombal de Pedrouzos

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

TOLDAOS - Pedrouzos.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola LU-642 cara ao Val do Mao, e ao chegar a Toldaos atoparemos un desvío a man dereita que nos levará a Vila de Cais e Pedrouzos por unha pista estreita.

Ao ver as primeiras casas de Pedrouzos xa atoparemos a man dereita o pombal.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Non se atopa ben conservado, aínda que conserva toda a estrutura.

■ ENTORNO:

Está situado nunha pradería de suave pendente, illado da aldea.

■ DESCRICIÓN:

Pombal de construción circular con muros de cachotería e a cuberta de lousa que remata no cumio con pináculo.

Pombal de Vila de Cais

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

TOLDAOS - Vila de Cais.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio, pola LU-642 cara o Val do Mao; ao chegar a Toldaos atopamos un desvío a man dereita que nos leva a Vila de Cais e Pedrouzos por unha pista estreita.

Ao chegar a Vila de Cais debemos subir por un camiño á esquerda para poder divisalo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase bastante mal conservado.

■ ENTORNO:

Está, como case todos os pombais, nunha pendente, neste caso moi forte, e pegado a un muro de separación de fincas nunha zona de arboredo.

■ DESCRICIÓN:

Pombal de semellantes características aos existentes no Concello, atopándose cerca do anterior.

Pombal de Cereixido

ETNOGRÁFICO • O Agro - Pombal



■ LOCALIZACIÓN:

SAN SALVADOR DO MAO - Cereixido.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio colleremos a estrada LU-641 ata Veiga de Arriba. Alí atoparemos un cruce a man dereita que nos levará a Santo Eufrasio e subiremos ata Cereixido atopando o pombal a man esquerda.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Está lixeiramente alterado.

■ ENTORNO:

Atópase preto das casas de Cereixido e vese parcialmente desde a estrada.

■ DESCRICIÓN:

Pombal de construción cadrada con muros de cachotería e cuberta de lousa.

Ademais dos pombais descritos ata aquí tamén se poden atopar ligados a catro casas señoriais os seguintes:

Pombal do Pazo de Romariz - Romariz (Rendar)



Pombal da Casa Dompíñor



Pombal de Veiga



Pombal do Pazo de Alvarado



Estes pombais atópanse en bastante bo estado, aínda que é difícil velos de cerca ao atoparse dentro das propiedades da casa.



■ QUE SON?

O hórreo é unha construción tradicional galega vinculada á actividade agraria e á unidade familiar, que conta cunha gran diversidade de formas, tamaños e materiais construtivos.

No Concello de O Incio hai uns hórreos bastante homoxéneos coa súa planta rectangular e pequenas dimensións.

De forma xeral podémolos atopar con dous grandes pés rectangulares de pedra ou cun único pé corrido de pedra. Sobre eles aséntase unha

estrutura ventilada de madeira ou, nos modernos ou “rehabilitados”, de ladrillo oco. No seu lateral curto atópase habitualmente unha porta de madeira.

A súa cuberta é de lousa a dúas augas e, normalmente, con pouca ornamentación, aínda que podemos atopar exemplares singulares.

Xeralmente sobre os pés dos hórreos colocábanse laxas de lousa que sobresaían dos pés para evitar que os ratos accedieran ao seu interior.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

A función habitual dos hórreos foi a de almacenar e conservar os produtos da actividade agrogandeira familiar, aínda que a situación xeográfica condicionaba as actividades e producións da zona e, polo tanto, os usos dos hórreos.

No Concello de O Incio empregáronse fundamentalmente para o secado e curado dos cereais, principalmente do centeo, que se empregaba para facer pan, na súa maior parte.

■ ONDE SE ATOPAN?

O hórreo é unha construción que se atopa bastante estendida no noroeste peninsular, especialmente en Galicia e Asturias. No Concello de O Incio os hórreos atópanse principalmente nas aldeas próximas ao Val do Mao e noutras zonas de val onde as condicións climatolóxicas permitían o cultivo de cereais.

Están normalmente dentro das construcións anexas á vivenda familiar, no interior dos núcleos, polo que ao visitar calquera dos núcleos poderemos velos nas eiras de forma habitual.

No Concello do Incio poden atoparse varias aldeas con grupos de hórreos de certo valor patrimonial, das que destacamos as seguintes:

Hórreos en Goo: atópanse sete hórreos nesta aldea cunha tipoloxía propia da conca do río Mao, ao igual que outro que podemos atopar na estrada que dá á igrexa de Goo ao chegar á aldea de Lebaste.



👁 Horreo de pedra en Buxán



Hórreos en Santa Cristina: atopamos catro hórreos dunhas características tipolóxicas moi semellantes ás sinaladas, ao igual que outro que atopamos preto do lavadoiro da aldea de O Sobrado.

Hórreos en Buxán: podemos atopar catro hórreos entre os núcleos de Buxán e San Miguel coa estrutura habitual do Concello de O Incio e en diferentes estados de conservación. Un dos hórreos conta coa singularidade de ser todo de pedra, aínda que se atopa nunha propiedade privada.

Hórreos en Vila de Cais, Pedrouzos, Outeiro e Barrio: no mesmo percorrido no que atopamos dous interesantes lavadoiros e pombais podemos encontrar varios hórreos de semellantes características aos do resto do Concello.

Outra zona onde podemos atopar varios hórreos corresponde coas parroquias de Rendar e Sirgueiros, onde existen os habituais no Concello.

Ademais dos hórreos citados tamén podemos atopar algúns nos lugares de Pacios, Viteses, Bardaos..., aínda que a maioría destes contan coa súa estrutura de ladrillo.

AS ALVARIZAS



■ QUE SON?

As Alvarizas son unhas construcións de forma circular ou ovalada que están compostas dun muro perimetral de pedra duns dous metros de altura e un diámetro duns dez metros, que, normalmente, estaban cubertos por laxas de lousa que sobresaían destes muros.

Estas alvarizas podían contar cunha porta de madeira de acceso ou nalgún caso cunha pequena construción no interior.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

Esta é unha das mellores mostras da relación entre o home e a natureza

que o circunda pois antigamente estas construcións exercían de protección fronte aos ataques dos osos ás colmeas que se atopaban no seu interior para a produción de mel e cera.

As laxas de lousa que sobresaían no alto dos muros impedían que os osos subiran por elas xa que ao agarrarse caíanlles enriba.

Na actualidade estas construcións perderon o seu uso principal, desafortunadamente pola desaparición do oso dos montes do Incio.

Aínda así poderemos atopar algunha alvariza que segue realizando o uso de gardar as colmeas.

■ ONDE SE ATOPAN?

As alvarizas atópanse sómente nas zonas de monte onde se podían atopar osos no momento da súa construción, pero tamén estaba condicionada esta por dous factores de especial importancia.

Primeiro necesitaban as flores que polinizaran as abellas que se atopaban no interior das colmeas, principalmente as zonas de uceiras, pero tamén era fundamental que a alvariza se atopara en ladeiras con orientación ao sur, xa que son as que recollen unha maior insolación.

No Concello do Incio poden atoparse alvarizas nas zonas de montaña do leste do Concello, pero especialmente na estrada que une os núcleos de Hospital e A Ferrería ata A Casela.

A estrada que segue de A Ferrería e Seceda en Folgoso do Courel, é unha zona con moitas alvarizas, así como a zona de Lúzara no concello limítrofe de Samos.

Do Concello de O Incio destacamos as seguintes:

Alvariza de Eirexalba: ao pasar o Redondo no desvío que nos leva a Cobo atopamos un prado no que se atopa unha alvariza que segue mantendo a súa actividade de acoller colmeas. Pola súa localización é unha rareza, pois non é habitual atopalas en zonas tan baixas nin en zonas tan habitadas.



👁 Alvariza preto da Pena dos Corvos

Alvariza en A Ferrería: pola singularidade da construción e do entorno e polo bo estado de conservación destacamos a alvariza que podemos atopar se seguimos o camiño que nos leva polo camposanto de A Ferrería cara aos seus prados. Está un pouco agachada entre a vexetación e preto a caída de auga do rego das Augas Rubias ao Río Antigua. Conta cunha singular construción no seu interior.

Alvariza en San Miguel: preto da anterior atópase unha alvariza á que se chega pola pista que dá acceso a San Miguel. Entre dous regos que cruzan a estrada atopamos un sendeiro que debemos seguir ata que cruza o rego a man esquerda. Alí atopamos unha de grandes dimensións algo oculta baixo a vexetación, e tamén unha ouriceira.

Tamén se poden ver alvarizas nos montes de A Airela, preto da Pena do Corvo,... e en máis lugares do Concello, aínda que moitas delas atópanse en mal estado de conservación e con difícil acceso.





■ QUE SON?

A Ouriceira é unha singular construción que se pode atopar nos vellos soutos do Concello de O Incio.

Está formada por un muro de pedra de forma circular que non está pechado completamente, podendo oscilar o seu diámetro entre os 3 e os 5 metros.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

A súa localización dá idea da función destas construcións tan singulares.

As ouriceiras eran empregadas pola poboación do lugar para almacenar e, sobre todo, conservar as castañas

que se recollían dos soutos nos que se atopaban.

Hoxe en día estas construcións atópanse en mal estado de conservación e cubertas pola maleza debido a que xa non se recolle gran parte da castaña dos soutos e existen novos electrodomésticos que facilitan a conservación dos alimentos.

Cando se recollía a castaña almacenábase, aínda cos ourizos, dentro destas construcións de pedra e tapábanse con silvas. Desta forma a castaña gardaba a humidade moito máis tempo e podía ser consumida durante máis meses.

■ ONDE SE ATOPAN?

As ouriceiras atópanse unicamente en soutos vellos onde se recollían as castañas, xa que, debido ao seu uso, só poden atoparse nestes lugares.

Xeralmente localízanse grupos delas a unha escasa distancia unhas de outras nun mesmo souto debido a que algúns eran divididos por número de pés entre as familias do lugar, o que posibilitaba a cada familia a dispoñer de alimento

mediante a recollida dos seus correspondentes pés de castiñeiros e gardándoas na súa ouriceira.



No Concello do Incio poden atoparse ouriceiras nas zonas de media montaña do Concello, pero principalmente nas parroquias de San Pedro, Trascastro, O Hospital e Santa Mariña onde aínda se poden observar algún exemplar en bo estado de conservación. Os soutos sitúanse en zonas de valgada e lugares próximos aos ríos en zonas de media montaña, xa que as máis altas eran empregadas como pasteiros, plantacións de piñeiros ou como monte baixo.


Do Concello de O Incio destacamos as seguintes ouriceiras:

Ouriceiras de O Hospital: por encima da última casa de O Hospital atoparemos un camiño a man dereita que nos levará ata outro á esquerda onde se atopa un souto. Neste lugar poderemos atopar uns vellos exemplares de castiñeiros cunhas formas moi singulares, ademais dunha ouriceira case en perfecto estado de conservación e outra máis, xa cuberta de maleza máis arriba. Tamén existe unha alvariza case derruída e cuberta de maleza.

Ouriceiras de San Pedro: ao pasar a ponte que cruza o Mao en San Pedro debemos subir pola estrada que nos levará a Monteagudo, onde pasaremos por varios soutos separados por paredes de pedra e nos que atoparemos ouriceiras nun entorno moi agradable. Preto temos o Muíño de As Cortiñas.

Ouriceira en San Miguel: pasando a alvariza de San Miguel atoparemos unha ouriceira en moi bo estado de conservación, ademais no camiño que sae por detrás das casas de San Miguel cara a ponte de Pena podemos atopar outras dúas bastante grandes, aínda que non resulta fácil atopalas.

Tamén se poden encontrar ouriceiras nos soutos de Trascastro, Río,... pero o abandono destas construcións e dos soutos fai que sexa difícil acceder aos lugares e velas.



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - Monteagudo.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz iremos pola estrada LU-642 ata chegar a Hospital, onde nos desviaremos a man dereita cara A Pobra do Brollón. Antes do km 16 atoparemos un desvío a man esquerda por unha estrada que nos levará a Saa e a San Pedro, desde onde subiremos cara a Monteagudo. Antes do Pico de Santa Bárbara atoparemos unha pista de terra a man esquerda e sinalizado o acceso ao foxo.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Atópase rehabilitado o entorno, pero divísanse os muros no estado actual sen rehabilitar.

■ ENTORNO:

Localízase dentro dun Monte Veciñal en Man Común, na caída dunha ladeira de elevada pendente cara o regato de Santa Bárbara.

■ ÉPOCA:

Non se coñece con certeza cando foi construído, pero é posible que teña varios séculos de antigüidade.

■ DESCRICIÓN:

Este tipo de construcións empregábanse como trampa tradicional para reducir as poboacións de lobos cando estas se volvían demasiado perigosas para o gando que había no monte. O lobo era espantado e dirixido polos veciños cara os cercados, cara ao fondo do foxo, onde caía e era cazado.

Estas antigas trampas foron abandonándose co paso do tempo, debido ao emprego de armas de fogo e á diminución das poboacións de lobos. Aínda así este foxo considérase unha das trampas de lobos mellor conservada de Galicia.

O foxo está composto por dous muros de pedra duns 300 m de lonxitude, dispostos en forma de V, que percorren de arriba a abaixo o monte. No lugar de confluencia das dúas paredes sitúase un pozo artificial que actualmente conta coas paredes derruídas.

Pódese ver un muro dun ancho variable duns 80 cm e unha altura de 2 m, que baixa en forte pendente ata a parte circular do foxo, que conserva o alzado occidental. Este tramo mide en planta uns 100 metros. O outro cercado iría en dirección Sur - Sudoeste.

Este Foxo de Monteagudo pode divisarse desde un miradoiro que se atopa na parte alta do monte ou visitar unha parte dos muros da trampa baixando pola empinada ladeira, xa que o resto do foxo se atopa cuberto de toxos e xestas.



👁️ Panorámica desde o miradoiro do Foxo do lobo

VARGOS, CHANTOS E PAREDES DE PEDRA



O agro galego é coñecido pola súa paisaxe de *bocage*, formada polo carácter minifundista da propiedade e pola irregularidade do territorio.

Este tipo de parcelación é debido ao modelo familiar galego no que cada parcela se dividía entre os descendentes, incrementando o número de parcelas e reducindo a súa superficie cada xeración.

A pesar das desvantaxes económicas desta parcelación para a produción intensiva e para a mecanización das terras, este modelo é moito máis sustentable, xa que se reduce a erosión

- do solo e este retén máis humidade, permitindo que exista unha maior biodiversidade e que sexan necesarios menos tratamentos fitosanitarios nos cultivos ao favorecer a existencia dos seus inimigos naturais.

- Neste *bocage* podemos atopar sebeiros, valados, arboredos,... e os vargos, chantos e paredes de pedra.

- Destes últimos as máis habituais son as paredes de pedra, pero no Incio podemos atopar vargos e chantos en determinadas zonas do Concello nun gran número.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

A función principal deste tipo de peches era a de sinalar os lindeiros das parcelas e dividir a propiedade, aínda que de forma secundaria este tipo de peches era empregado para evitar a saída do gando que se gardaba nas praderías e evitar, en certa maneira, a entrada dos animais salvaxes.

Nalgún caso as paredes de pedra estaban formadas pola que se extraía das terras agrarias co fin de facilitar as labores agrícolas e íase paredando polos lindeiros das parcelas.



■ ONDE SE ATOPAN?

Cada tipo de peche atópase en zonas puntuais, en función do tipo de pedra que existía na contorna, xa que esa era a pedra que facía de vargos e chantos. Nas zonas onde non existía tanta pedra o que imos atopar son peches con estacas de madeira ou calquera dos outros sinalados.


Estes vargos e chantos están formados, principalmente, por laxas de lousa de entre setenta centímetros e metro e medio de alto e cun ancho aínda máis variable que o alto, pois en moitos casos estas lousas eran anacos desbotados de pequenas canteiras.

Unha das zonas cun gran número de peches con vargos e chantos mesturados podémola atopar na estrada que pasa por Santalla e Bardaos ata Pacios, cruzando perpendicularmente a LU-642 á altura do km 5.

Podemos atopar outra gran zona de vargos e chantos na zona do Val do Mao, sobre todo na zona de Valbón onde se atopaban varias canteiras de lousa, e tamén na zona de Vilamor e A Castiñeira.

Outra zona de bastantes vargos é A Cervela e a estrada que nos leva a A Poza, Castragude ou Abeledo.

As paredes de pedra atópanse máis cara a zona de Trascastro e A Ferrería e nas zonas máis montañosas, aínda que en moitos casos, mestúranse coa zona de vargos e chantos como pode ser a zona de Vilasouto e Eirexalba.



Os carros foron un elemento fundamental da actividade agraria en tempos pasados, cando os tractores aínda non facilitaban as labores de transporte.

Hoxe en día practicamente permanecen gardados en vellos alpendres ou, os máis afortunados, en museos e centros de interpretación, pero deixaron unha pegada indeleble nas pedras dos camiños sobre os que un día cantaron.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

Os carros transportaron durante anos a herba que se recollía nas praderías para alimentar o gando, pero tamén

levaban o esterco deste gando para volver alimentar as terras (ademais de moitas outras cousas).

Moitos bois e vacas, e algún que outro burro e cabalo, encargáronse de tirar destes carros polos camiños e facer este intercambio de bens coa natureza.

■ ONDE ATOPALOS:

As rodeiras dos carros podemos atopalas, sobre todo, nos camiños de pedra e con pendente que se dirixían ás aldeas.

Un exemplo espectacular atopámolo en A Ferrería, sobre todo nos camiños que saen desde o alto da aldea.

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

➤ A AUGA

- A auga é o elemento principal en torno ao que xira a vida das persoas e do medio natural que as rodea, creando paisaxes singulares e modificando outros, permitindo o incremento da biodiversidade e favorecendo o desenvolvemento dos cultivos e froitos silvestres que a poboación leva séculos aproveitando.
- No Concello de O Incio podemos encontrar innumerables fontes e regos que deron vida aos campos e xentes que habitaban estas terras desde fai séculos.
- Esta auga tamén foi o motor que lle deu vida a innumerables construcións e obras que melloraron as condicións de vida destas xentes, xa sexa coas fábricas de luz, os muíños, os serradoiros hidráulicos, lavadoiros, canais de rego,...
- Desde fai séculos o home comparte co resto da natureza a xestión sustentable destas augas para o que leva realizando obras de enxeñería rural que permitiron regar as hortas e praderías que sustentaban á poboación e ao seu gando mediante canais que xurdían das presas dos ríos.
- Da relación do home e a auga queda boa proba coa innumerable cantidade de muíños que existiron no Concello, moitos deles hoxe xa non existen ou se atopan en ruínas.

No ano 1753, sen contar as parroquias de Rubián de Cima e Noceda, estaban documentados 54 muíños, 2 batáns para panos, 1 mazo e catro ferrerías.

- Podemos atopalos nas proximidades dos ríos na súa maior parte, aínda que onde non se dispoñía dun río nas proximidades, empregábanse regos que non tiñan un curso continuo ao longo do ano. Estes son coñecidos como muíños rels no Concello, pois só podían facer a moenda cando o rego levaba a auga suficiente para mover o rodicio.
- Outra singularidade que podemos observar nalgunha pradería son as minas de auga, que son augas subterráneas que abrollan nun punto determinado e que tamén era aproveitado para que o gando bebera.

Podemos atopar algún exemplo próximo ao Castro de Santalla ou no camiño que sae de Romariz cara o Castro.

Muíño do Sancho

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

TRASCASTRO - Trascastro.

■ ACCESOS:

Desde A Cruz do Incio iremos pola LU-642 ata pasar o km 20 en dirección a A Ferrería, a man esquerda atoparemos un camiño de terra que nos levará ao muíño. Este camiño atópase case enfronte do desvío que leva ao lugar de San Miguel.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chega alterado nalgũa zona, aínda que ben conservado.

■ ENTORNO:

O muíño atópase na parte máis baixa da ladeira ao sueste de Trascastro moi próximo ao muíño de Vila e na confluencia dos ríos Cabe e Antigua.

■ DESCRICIÓN:

O muíño é unha construción de planta cadrada con muros de pedra revocados con argamasa e linteis de madeira nas portas e ventás, sendo a súa cuberta de lousa e a dúas augas. Conta ademais cun soportal de espera con cuberta de lousa a unha auga apoiado sobre muros de pedra.

Ten tamén unha canle de pedra moi singular que recolle as augas do río Cabe para darlle a forza na moenda ao rodicio, mentres que o muíño de Vila, situado ao lado deste, facía as moendas empregando as augas do Río Antigua, xa que se atopan moi cerca do lugar no que as augas do Cabe se unen coas do Antigua.

As principais moendas que se realizaron neste muíño eran do centeo que se producía na contorna, aínda que co paso dos anos tamén se comezou a moer o millo. Raramente se realizaron moendas de trigo nestes muíños xa que non se producía nesta zona.

Aínda hoxe en día se fai algunha moenda de cando en vez, pois o muíño e as súas instalacións consérvanse en bo estado.

Muíño de Vila:

Este muíño, bastante alterado e mal conservado, atópase fronte ao muíño de Sancho, cruzando unha ponte a man dereita segundo imos polo camiño.

O muíño consta dun andar rectangular dividido en dúas alturas, cunha cuberta de lousa a catro augas. Actualmente conta con engadidos de ladrillo que lle restan vistosidade ao exterior.

Este muíño foi unha antiga “fábrica da luz”, previa á produción industrial da enerxía eléctrica, existindo na actualidade indicios da súa existencia. Tamén foi empregado como serradoiro aproveitando a auga do Antigua como forza para a serra.

Pasando polo seu lado accédese ao sendeiro que leva á **Fonte do Arnado**, polo que o conxunto dos dous muíños, as canles de rego e dos muíños e a Fonte fan deste lugar un sitio de especial interese para facer unha ruta, na que tamén é recomendable visitar o lugar de Trascastro.



Muíño de Pascual

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

TRASCASTRO - A Ferrería.

■ ACCESOS:

Seguindo a estrada LU-642 desde A Cruz, antes de chegar a Ferrería, atravesaremos unha ponte desde a que se divisa a man dereita o muíño, un pouco antes da pista que nos leva á Fonte do Balneario.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Non está ben conservado, invadindo a vexetación o entorno, empezando a non verse as canles.

■ ENTORNO:

O muíño aproveita as augas ferruxinas que recolle a Fonte do Balneario por encima del, nunha zona de soto, sendo de interese todo o entorno.

■ DESCRICIÓN:

É unha sinxela e pequena construción de andar rectangular cos seus muros de pedra e cuberta de lousa a dúas augas. Sobre os vans da porta e ventá presenta os linteis de madeira.

No seu interior aínda se pode ver a moa e outras partes do muíño, todo mal conservado.

Tamén se observa a canle pola que saía a auga despois de pasar polo seu rodicio.

O muíño recollía nunha canle a auga do Rego das Augas Rubias despois de pasar, augas arriba, pola Fonte do Balneario. Pódese ver á altura do muíño o rego co seu leito rubio polo ferro da auga que baixa.

Tamén é singular a saída da auga no outro lado da estrada e a súa desembocadura no río Antigua, aínda que pode contemplarse mellor desde o outro lado do río, saíndo de A Ferrería.

■ OUTROS MUÍÑOS DA ZONA:

O río Antigua posuía ao longo do seu curso varios muíños que, co paso dos anos, foron abandonados atopándose na actualidade bastante deteriorados. Destacamos dous muíños:

Muíño de A Ferrería: seguindo a estrada LU-642 e pasando a aldea de A Ferrería atopamos a man esquerda un muíño de planta rectangular con muros de laxas de lousa e linteis de madeira en porta e ventás, sendo a cuberta de lousa a dúas augas. Destaca na fachada de acceso un pequeno soportal de cuberta a unha soa auga apoiado sobre un muro único de laxas de lousa.

Muíño da Airela: antes da aldea abandonada de A Airela atópase tamén a man esquerda un pequeno muíño en bastante mal estado de conservación que posúe unha bonita presa cunha caída bastante alta nunha zona de souto.



👁 Muíño de A Ferrería

Muíño de As Cortiñas

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Pedro.

■ ACCESOS:

Iremos desde A Cruz do Incio a O Hospital pola estrada LU-644, unha vez alí xiraremos a man dereita pola estrada que nos leva A Pobra do Brollón. Ao pasar Dompniñor atoparemos un desvío a man esquerda que nos levará por Saa e cruza o río Mao para subir a man dereita a Monteagudo. Baixaremos por un sendeiro, un tanto oculto, que atoparemos a man dereita uns 500 metros despois da ponte.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Pouco alterado.

■ ENTORNO:

O muíño atópase entre a estrada e o río Mao, na beira onde atopamos un souto. Ao pé do río está o muíño e unha ponte de madeira que nos leva ás praderías que existen por debaixo da aldea de Saa.

Cruzando a ponte a man dereita iremos ata a presa que recollía a auga para a súa canle.

■ DESCRICIÓN:

Este muíño é bastante grande e atópase en bastante bo estado de conservación, contando cunha planta rectangular de lousa en muros e cuberta, con vans e linteis de madeira.

Conta ademais cun soportal de espera, con cuberta de lousa apoiada sobre dous muros de laxas de lousa que lle dá singularidade ao entorno xunto á ponte de madeira que cruza o río.

Uns 20 metros augas arriba atopamos unha singular presa que se empregou para recoller as augas para a canle do muíño e que se recomenda visitar cruzando a ponte e seguindo ao pé do río xunto a unhas praderías.

Para chegar a este muíño podemos acceder desde o lugar de Saa, pero recoméndase precaución ao circular polo núcleo dado o estreito das súas rúas.

■ OUTROS MUÍÑOS DA ZONA:

Muíño da Pena: seguindo o curso do Río Cabe desde o muíño de As Cortiñas pasaremos pola presa de San Pedro e a Igrexa e Casa Reitoral ata chegar a aldea de Pena onde se atopa o muíño, gozando durante o percorrido dunha paisaxe de ribeira e do gando vacún que se atopa nas praderías próximas ao curso do Cabe.

O muíño é unha sinxela construción de andar rectangular con cuberta de lousa a dúas augas e muros de laxa de lousa con linteis de madeira. Atópase rodeado de maleza e en moi mal estado de conservación, pero teremos unha boa perspectiva das casas feitas no alto da “pena”.



👁 Muíño de Pena

Muíño de Veiga de Arriba

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

STA. MARÍA DO MAO - Veiga de Arriba.

■ ACCESOS:

Seguindo a estrada LU-641, antes de chegar as casas de Veiga nunha curva á esquerda que cruza o Rego de Teimoi atópase o muíño tamén a man esquerda.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Conserva íntegra a súa estrutura, aínda que non está ben conservado.

■ ENTORNO:

Atópase a carón da estrada rodeado de arboredo. Traballaba coas augas do Rego de Teimoi.

DESCRICIÓN:

É unha bonita construción que conta con muros de laxas de lousa e cuberta a tres augas de lousa, sendo característica diferente deste as dúas plantas en lugar da planta única habitual.

Ao pasar o muíño divisaremos o denominado Val do Mao, coñecido pola produtividade das súas terras ao pé das ribeiras do Río Mao o que levou a que esta fose outra zona de bastantes muíños que transformaban as producións de cereais que se daban nestas terras chas:

Muíño de Santo Eufrasio: uns 300 metros máis adiante do anterior atoparemos un cruce a man dereita que nos levará a Santo Eufrasio seguindo o val. Pasada a igrexa e casa reitoral cruzaremos unha ponte desde a que poderemos ver o muíño no medio dunhas praderías.

O muíño é unha pequena construción de planta rectangular con cuberta de lousa a dúas augas e muros de laxa de lousa que se atopa en bastante mal estado de conservación.

Muíño de Teimoi: uns 100 metros despois do muíño de Veiga atoparemos un cruce que nos levará a Teimoi. Unha vez alí achegarémonos ao rego, xa que na beira contraria ás casas atoparemos un pequeno muíño de pedra e cuberta de lousa a dúas augas que está en moi mal estado de conservación, tanto por dentro como por fóra.



Muíño da Muíña

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

NOCEDA - Barbaín.

■ ACCESOS:

Desde a estrada C-546, dirección Sarria-Monforte, desviarémonos á dereita pola estrada LU-P-2501 que pasa por Barbaín e nos leva ata Rubián de Cima. Ao pasar Barbaín, a uns 700 metros a man á dereita atoparemos o muíño.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Conserva a súa estrutura, aínda que está bastante mal conservado.

■ ENTORNO:

O muíño atópase a menor cota que a ponte que cruza o rego de Rivado, nunha zona de antigos prados que agora foron modificados por vexetación de ribeira.

Actualmente atópase cuberto e rodeado de vexetación, dificultando o acceso e visibilidade do ben.

■ DESCRICIÓN:

Trátase dun muíño bastante grande de planta cadrada, con muros recubertos de argamasa e unha cuberta a catro augas de lousa.

Augas abaixo atopamos outro de escaso valor patrimonial, pero que aínda conserva os aparellos da moenda. Resulta interesante ver as canles dos muíños e as canles para regadío dos prados camiño desta segunda construción.

A parroquia de Noceda xa se atopa na zona da depresión de Lemos, polo que as súas terras máis chas facilitaban o cultivo dos cereais que permitían a alimentación do gando, pero tamén a das persoas. Outros muíños da zona son:

Muíño de Ferrería: este é un muíño que foi rehabilitado e que se atopa fronte á aldea de Ferrería, nunha curva da vella estrada C-546 onde atoparemos a pista que baixa ata el, aínda que na actualidade atópase cuberto de maleza.

É unha pequena construción con cuberta de lousa a catro augas e pequeno soportal de acceso apoiado na prolongación dos muros laterais de pedra.

Muíño de Noceda: este era outro muíño con paredes de pedra e cuberta de lousa a dúas augas que se atopa totalmente abandonado e cun acceso moi complicado, dificultando a súa visita.

Existiron máis muíños nesta zona, aínda que ao perder o seu uso foron abandonados como noutras zonas do Concello.



👁 Canal do Muíño de Barbaín

Muíño de Pacios

ETNOGRÁFICO • A Auga - Muíño



■ LOCALIZACIÓN:

GOO - Goo.

■ ACCESOS:

Iremos pola estrada LU-642 en dirección Oural ata pasado o km 9. Ao chegar ás primeiras construcións atoparemos un camiño a cada man; debemos ir á dereita se queremos chegar ao muíño.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

É unha construción que non se atopa ben conservada, aínda que se poden apreciar os seus elementos construtivos perfectamente.

■ ENTORNO:

Atópase ao pé do río Mao, rodeado de

praderías que baixan ata o río. Tamén atopamos unha bonita presa que recollía as augas para o muíño por un canal.

■ DESCRICIÓN:

É un muíño de canle de pedra, de planta rectangular, con muros de laxas de lousa e linteis de madeira en porta e ventás. A súa cuberta é de lousa a tres augas á que se anexiona un pequeno soportal de espera, que cubre parte do camiño, con cuberta de lousa sobre vigas de madeira a dúas augas, apoiado sobre piares a base de laxas de lousa.

AS PRESAS E OS CANAIS



QUE SON?

As presas e os canais son unhas das obras de enxeñería hidráulica máis importantes que poden atoparse no rural, tanto polo esforzo que supuxo a súa realización como pola mellora na calidade de vida para a poboación do Concello.

Boa parte destas construcións aínda manteñen na actualidade a súa estrutura e función orixinal, especialmente no caso das presas e canais realizados para o rego de praderías e hortas.

No caso dos canais dos muíños atópanse máis descoidados, xa que

boa parte deles deixaron de realizar moendas e polo tanto os canais son innecesarios.

As presas son construcións realizadas nos leitos dos ríos e formadas por un muro de pedra que pode ser de diferentes alturas.

Os canais nacen nestas presas e poden estar escavados na terra directamente ou poden ser canais de pedra, como atopamos no muíño de Sancho.

Estes canais poden ser longos ou curtos en función das necesidades para o que foron construídos, sendo os de regadío máis longos que os dos muíños.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

A función das presas era a de represar a auga de ríos ou regos ata que se incrementara o nivel da auga para poder ser desviada por un canal.

Os canais que podemos atopar no Concello teñen dúas funcións claras: a de enviar a auga cara os muíños e/ou a de regar as terras de cultivo ou praderías. No caso dos canais de rega atopamos tapacuñas que son lousas que permitían ou pechaban o paso da auga segundo a quen lle correspondera a quenda de rego.


Tamén se poden atopar canais que contan cunha mínima presa ou que directamente non teñen presa. Para iso é necesario que o lugar onde queremos levar esta auga estea por debaixo do nivel do río, xa que esta auga desprazábase por gravidade.

■ ONDE SE ATOPAN?

Podemos encontrar un gran número de presas nos ríos de O Incio, aínda que a maior parte delas sitúanse nos ríos Antigua e Cabe. Aínda así, a presa de maiores dimensións atopámola no Río Mao, é o coñecido encoro de Vilasouto, sendo esta unha gran obra realizada a mediados do século XX como veremos nas páxinas seguintes.

Entre as presas que podemos visitar no Concello de O Incio destacamos as seguintes:

Presas en San Pedro: ademais da presa que atopamos por detrás da igrexa (ficha posterior) podemos atopar varias presas ao longo do curso do río Cabe. Un pouco máis adiante da anterior atópase a presa do muíño de As Cortiñas e un pouco máis abaixo atópase a Área Recreativa, á que se accede uns metros antes da aldea de Saa, onde tamén hai unha pequena presa e unha zona de baño.



👁 Presa do Muíño de As Cortiñas

Presas de A Ferrería: no propio núcleo de A Ferrería atopamos un par de pequenas presas que aínda dotan de maior singularidade a aldea. Seguindo as augas do Antigua desde A Ferrería a Trascastro podemos atopar varias presas que, aínda que é difícil acceder a elas, merece a pena pola paisaxe que as rodea.

Presa de A Airela: unha das presas de maior altura e singularidade podémola atopar á altura do muíño de A Airela, aínda que debido á maleza resulta complicado acceder ata ela.

Presa de Goo: como sucede en case que todos os muíños, neste de Goo atopamos unha ancha presa de pedra que recolle a auga para o muíño, situada nun bonito entorno.

Canal de Goo: cerca do muíño anterior atopamos un canal de regadío que exemplificaba perfectamente o uso do regadío de diferentes praderías.

Canal dos muíños de Sancho e Vila: nestes dous muíños podemos atopar dous tipos diferentes de canais, un de terra e outro de pedra, así como o longo Canal de San Miguel empregado para o regadío dos pasteiros dese lugar.



Presa de Vilasouto

ETNOGRÁFICO • Auga - Encoro



■ LOCALIZACIÓN:

VILASOUTO - Vilasouto.

■ ACCESOS:

Para acceder á cabeza da presa debemos seguir a estrada que une A Cruz do Incio con Pacio de Río ata case o final do núcleo de Laiosa, onde atoparemos un cruce á dereita que nos levará a Vilasouto por Belesar. Ao seguir esta estrada chegaremos á presa a man esquerda.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservada.

■ ENTORNO:

Este encoro ocupa superficie das parroquias de Vilasouto e Eirexalba, atopándose a cabeza da presa próxima ás vivendas de Vilasouto.

■ ÉPOCA:

1.969.

■ DESCRICIÓN:

Aínda que non responde ás características das presas tradicionais que describimos no punto anterior, é imprescindible identificar esta gran obra, xa que responde a uns usos semellantes aos das outras, pois tamén sae un canal para o regadío do Val de Lemos.



Foi construído polo ano 1969 no río Mao á altura de Vilasouto e Eirexalba, coa función de abastecer de auga de consumo aos lugares próximos, ademais de dotar dunha boa fonte de auga que abastece ás infraestruturas do regadío no Val de Lemos.

Este encoro, de relativa recente construción, modificou as características e os usos do territorio, xa que o que foi un estreito val pasou a ser unha enorme masa de auga que anegou aldeas e terras de cultivo, modificando tamén as condicións climáticas do lugar, cun incremento da humidade e das néboas.

Nas súas beiras podemos atopar un amplo espazo de recreo que conta cunha importante variedade vexetal e de cores segundo a estación do ano, que podemos aproveitar para tomar o sol, para pasear ou vir de merenda, dispoñendo de bancos, mesas e grellas.


Nesta presa atopamos unha ruta botánica ao redor do encoro, na que podemos identificar varias das especies que podemos atopar ao longo do Concello median- te a identificación do nome científico e o común.

Canal de Lemos: xa no Concello de Bóveda atopamos o denominado “Azud de Tuimil” que abastece a este canal que pasa polos concellos de A Pobra, Bóveda e Monforte. Para chegar a esta presa poderemos acceder desde a LU-644, que vai de Pacio do Río a A Cruz do Incio, case á altura do km 3.

Este canal é unha das poucas infraestruturas de rego de Galicia e pode verse nos concellos limítrofes de A Pobra do Brollón e Bóveda. Podemos seguir o seu curso se nos desviamos da estrada LU-644 a man contraria á presa, en dirección a Barxa e Meruz, onde un canal percorre a un lado da pista durante un longo treito.

Presa de San Pedro

ETNOGRÁFICO • Auga



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - San Pedro.

■ ACCESOS:

Iremos desde A Cruz do Incio a O Hospital pola estrada LU-644, unha vez alí xiraremos a man dereita pola estrada que nos levará A Pobra do Brollón. Ao pasar Dompíñor atoparemos un desvío a man esquerda que nos levará por Saa ata cruzar o río Mao para ir a esquerda ata a igrexa.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Ben conservada.

■ ENTORNO:

Atópase nas proximidades da Igrexa

Parroquial e Casa Reitoral de San Pedro, onde atopamos un camiño que baixa pola “Palleira” ata o río. Se seguimos o seu curso polo lado dunha pradería chegaremos ata a presa e ao canal que recolle esta auga represada.

■ DESCRICIÓN:

Está identificada en determinada bibliografía como unha das mellores 25 fervezas de Galicia, aínda que non sexa unha caída de auga natural.

Atópase nun entorno natural destacable, onde se pode atopar o canal que sae desta construción.

OS LAVADOIROS



A auga é un elemento fundamental para a poboación, desde a imprescindible necesidade de beber ata para lavar a roupa ou a vaixela. Esta é unha das razóns de que gran parte dos núcleos de poboación se asentan nas proximidades de ríos ou fontes de auga.

Existe unha gran diversidade neste tipo de construcións, posto que podemos atopar lavadoiros con esa única función, ou poden aproveitar a auga para contar tamén con bebedoiros para o gando e/ou fontes.

Estes podían contar con cuberta ou estar ao aire libre, aínda que boa parte dos lavadoiros podemos atopalos cubertos.

■ CAL É A SÚA FUNCIÓN?

Son os lugares onde, en tempos pasados, as mulleres ían lavar a roupa mentres falaban das novas da aldea.

Cada persoa utilizaba cada un dos vasos dos que dispoñía o lavadoiro, que está formado por unha pedra plana onde se fregaba a roupa e dun balde onde se aclaraba.

Corresponden a un paso intermedio, previo ás lavadoras e posterior a lavar a roupa no río, no que as mulleres se tiñan que axeonllar dificultando o traballo e producindo máis dores de lombo e pernas.

■ ONDE SE ATOPAN?

Estas construcións atópanse maioritariamente nas proximidades das aldeas, aínda que sempre condicionadas pola proximidade dunha fonte de auga que poida darlle subministro suficiente ao lavadoiro.

Ao ser necesarios para a vida cotiá das familias pódense atopar na maioría das aldeas de O Incio.

Na actualidade deixaron de empregarse coa aparición das lavadoras, polo que boa parte deles atópanse abandonados e cubertos pola maleza que medra con facilidade nestes lugares.

Podemos atopar pegados aos lavadoiros outras construcións como os bebedeiros que recollen a auga para que o gando, ao volver dos pasteiros ao chegar a noite, poidese beber antes de gardarse nas cortes.

No Concello do Incio atópanse unha gran cantidade de lavadoiros e bebedeiros, polo que só imos sinalar algúns dos que se manteñen en bo estado de conservación ou pola súa singularidade:

Lavadoiro de O Sobrado: indicamos este primeiro lavadoiro pola súa localización e singularidade, xa que a aldea conta cunha arquitectura tradicional de gran valor e un entorno no que vemos un hórreo por detrás da fonte Lavadeiro.

Lavadoiros de Outeiro, Pedrouzos e Vila de Cais: atopamos dous bonitos lavadoiros nesta ruta que destaca polo patrimonio etnográfico que pode atoparse, ben merecendo darse un paseo en bicicleta por esta estreita estrada asfaltada.

Lavadoiro de Pena: atópase rehabilitado e con cuberta de lousa, situado entre a aldea e a ponte que cruza o río Mao, preto do muíño.

Bebedeiro de Viteses: é de grandes dimensións e sitúase nun bonito entorno natural formado polo rego, un canal de rego e un alpendre que no seu día ía ser o muíño.

Bebedeiro en A Cervela: un singular bebedeiro de pedra que se atopa nun camiño moi cerca da Casa Señorial de Pereira de Arriba.

Bebedeiros en Vilar da Vara: variados e singulares son os bebedeiros que podemos atopar pegados a varias das casas da aldea, polo que ben merece dar unha volta pola aldea e seguir despois ata un túnel baixo a vía do tren no que seguiremos un camiño que nos leva aos piares do viaduto de Rubián de Cima, realizado con pedra de cantería.

Outros lavadoiros e bebedeiros aos que nos podemos achegar son os de O Hospital, Laiosa, baixo a Casa de Alvarado, en Saa, Rendar... que se poden ver facilmente aínda que non están en perfecto estado de conservación.

AUGAS FERRUXINOSAS



Nun Concello en que o ferro formou parte da súa historia desde moi antigo é habitual que permanezan os vestixios da súa existencia como as minas abandonadas que atopamos na ruta do ferro sobre a que se sitúa un dos maiores filóns do Concello.

É neste lugar onde se atopa a maior parte dos regos de augas ferruxinosas, pero tamén se poden atopar noutras pequenas vetas como sucede preto da aldea de Cobo.

A época de esplendor do Concello estivo vinculada ao aproveitamento

das augas ferruxinosas na aldea de A Ferrería, onde existiu un balneario que atraeu moitos visitantes ao Concello para tomar estas augas que contiñan propiedades curativas.


Hoxe só o paso do rego de augas ferruxinosas pola fonte do balneario ata chegar á caída de auga no Antigua, despois de pasar polo muíño de Pascual tamén abandonado, permanece inalterable.

Estas augas pertencentes en maior medida ao patrimonio natural do Concello, son incluídas neste apartado polo vínculo que tiveron coa actividade humana.

As propiedades destas augas son moi coñecidas en A Ferrería, pero tamén en San Miguel onde tamén se aproveitaron as propiedades da auga e se deu aloxamento aos seus auguistas durante un tempo.

Na Ruta do Ferro podemos atopar a Mina de Fonte Barrosa por debaixo do camiño, na que se pode atopar un furado da que abrolla a auga creando unha bonita e singular fonte.

Nos días de moito calor pódese notar unha brisa fresca que vén do furado.



PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

► A PEDRA

- Un Concello como o de O Incio debe boa parte da súa historia á pedra, tanto desde o punto de vista da súa extracción, como podemos ver no caso das minas e canteiras, como polo da súa arquitectura, xa que unha boa parte da pedra do Concello forma parte dos muros e cubertas das edificacións existentes.

Esta pedra tamén formou parte das construcións populares que están relacionadas co agro e coa auga, xa sexa para as ouriceiras e alvarizas, como para presas e muíños ou nas separacións das fincas.

- A pedra máis habitual no Concello é a lousa, aínda que podemos atopar vetas de pedra calcaria e diversos minerais que foron aproveitados ao longo dos anos.
- **Museo da Pedra:** atópase en Buxán e conserva as obras do propio escultor, diversos minerais que existen no Concello e restos atopados nos castros dos arredores. Na entrada da casa tamén se pode ver o escudo vello do Concello e un escudo familiar.





A minería representou unha parte importante do tecido económico municipal ao longo dos séculos, atopando aínda hoxe minas e canteiras en funcionamento que seguen a formar parte desta economía rural.

Desde a época romana tense constancia do aproveitamento das minas de ferro que se atopaban no Concello de O Incio, e desde aqueles tempos ata o día de hoxe veuse facendo aproveitamento de diversas minas e canteiras de ferro, mármore,

lousa, cobre, magnesita, carbón,... dispersas por todo o territorio do Concello.

Esta riqueza de minerais e rochas no Concello fixo que as economías familiares puidesen subsistir coa súa extracción.

No Concello aínda podemos atopar en funcionamento a mina de Magnesitas de Rubián, así como varias canteiras de pedra e lousa.

■ ONDE SE ATOPAN?

O Concello de O Incio conta con tres filóns de ferro que van de San Miguel a A Raxoá, pasando por a Veneira, filóns que son compartidos co Concello de A Pobra do Brollón. Estes foron aproveitados desde a época romana en diversos lugares dos que aínda hoxe podemos atopar indicios da súa existencia.



Esta extracción do ferro veu ligada á siderurxia, que se atopaba asentada na aldea de A Ferrería, onde existiron tres fornos de cocer o ferro segundo contan os veciños, pois hoxe en día non queda ningún resto dela.

Ao longo da **Ruta do Ferro** podemos atopar varias minas daquela época e posteriores, así como na zona da Veneira de Roques onde atopamos os restos dunha mina a ceo aberto xa cuberta pola vexetación.

Unha das actividades que se desenvolveu nestes últimos séculos no Concello foi a da extracción de lousa en pequenas canteiras que podía venderse directamente aos louseiros. Esta actividade correspondía a unha economía familiar e a pequena escala que, xeralmente, complementaba a actividade agraria da familia.

Outra das extraccións de maior importancia foi a do mármore do Incio que foi empregado para construcións tan importantes como a Igrexa de O Hospital.

No Concello podemos atopar, despois de máis de cincuenta anos de funcionamento, a mina de Magnesitas de Rubián ao pé da estrada C-546 ao pasar o Alto do Oural.

Podemos encontrar no Pico de Leizán os restos dunha pequena mina de cobre ao aire libre, aínda que hoxe atópase cuberta pola maleza e só se distingue unha pequena depresión.

Tamén hai constancia da existencia dunha pequena mina de ouro pola zona de Sirgueiros.

Na zona de Dompiñor tamén existiu carbón que foi extraído en tempos pasados, de aí que ao Pazo de Dompiñor tamén se lle chame a Carboeira.

Minas da Ruta do Ferro

ETNOGRÁFICO • A Pedra - Mina



■ LOCALIZACIÓN:

SAN PEDRO DO INCIO - TRASCASTRO.

■ ACCESOS:

Para chegar aos accesos á ruta podemos ir en dirección a Monteagudo ou podemos ir ata a fonte balneario e desde alí coller un camiño que nos leva a esta pista.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

As minas están ben sinalizadas, protexidas e identificadas, discorrendo

a ruta por unha pista de terra bastante ancha.

■ ENTORNO:

Desde a ruta que pasa por estas minas podemos observar unhas grandes panorámicas do val que forma o nacemento do Cabe e o Val do Incio, así como as vilas de A Cruz do Incio e Trascastro entre outras.

■ DESCRICIÓN:

Estas minas que se atopan comunicadas por unha pista de terra son pequenas extraccións que se realizaron desde a época dos romanos por toda a zona, aínda que tamén as máis modernas chegando a explotarse ata o século pasado.

Cova de Avión: esta é a primeira mina que atopamos se entramos desde a estrada que vai a Monteagudo unha vez pasada a Pena do Chao. Esta é unha pequena escavación na que antiamente apenas se extraeu ferro.

Cova da Tinta: esta é a seguinte mina que atopamos, sendo tamén de pequenas dimensión e onde tamén houbo extracción de ferro en tempos pasados.

Por debaixo da pista que leva a mina atopamos un camiño que baixa ata a Mina de Fonte Barrosa coa súa fonte de augas ferruxinosas.

Cova do Couso: mina onde tamén houbo extracción de ferro que se sitúa nas proximidades da Fonte do Couso. Esta é a máis longa do Concello, cuns 600 metros que se reparten en varias galerías. Foi a última mina explotada nesta zona ata o século pasado. Ata fai pouco tempo aínda conservaba unha vagoneta utilizada para sacar o material e os raís por onde esta se desprazaba.

Mina do Bouzallo de San Miguel: esta é a última das minas que atopamos en dirección a A Ferrería onde tamén houbo extracción de ferro. A súa galería mide uns 40 metros de lonxitude.

Nas dúas primeiras minas podemos atopar o raro e singular mofo fosforescente (*Schistostega pennata*), que tamén se pode contemplar na próxima Cova das Choias, próxima a Biduedo no Concello de A Pobra do Brollón e que está en perigo de extinción.

Nesta ruta, ademais da excepcionais panorámicas que poderemos divisar, atoparemos os petróglifos da Pena do Chao e Pena Escrita ademais dun rego de augas ferruxinosas.



Mina de Buxán

ETNOGRÁFICO • A Pedra - Mina



■ LOCALIZACIÓN:

O VISO - Buxán.

■ ACCESOS:

Para chegar ata a mina debemos ir ata Buxán pola estrada LU-642 en dirección ao Oural. Ao pasar o desvío de Santa Cristina atoparemos as primeiras casas e unha pista que se mete na aldea. Pasaremos por diante da Casoa de Buxán por un camiño ata a mina.

■ ESTADO CONSERVACIÓN:

Chégase ata a mina por un camiño de terra e identifícase perfectamente no terreo.

■ ENTORNO:

A mina atópase pola parte de atrás da aldea, nunha zona de monte á que se accede desde a aldea.

■ ÉPOCA:

Século XX.

■ DESCRICIÓN:

Nesta mina extraeuse a pedra que se empregou na construción da presa de Vilasouto a mediados do século XX. Por debaixo da Casoa de Buxán aínda podemos observar o lugar onde se partía a pedra e se cargaba nos camións para levala a Vilasouto.

Atópanse dúas amplas vetas escavadas a ceo aberto moi cerca unha da outra, nas que se poden ver as paredes verticais co mesmo tipo de pedra que se extraeu naquel momento. Hoxe estas son empregadas polos afeccionados á escalada como zona de prácticas.

Unha das singularidades que nos queda daquela época atopámola na construción que fai esquina no primeiro xiro á dereita despois de deixar a estrada LU-642, xa que alí podemos ver as pedras esquineiras pulidas polos roces dos camións que facían o xiro ao sacar a pedra destas minas.

Se neste lugar facemos o xiro a man esquerda poderemos ver o curioso desgaste natural das pedras das edificacións que atoparemos nesa mesma man.

Na primeira das vetas existe un furado a cada lado das paredes da extracción, que corresponde cunha veta calcaria explotada nos anos 60, na que atoparon restos dun Mamut duns 25.000 anos de antigüidade. Apareceron dúas pezas dentais, dúas vértebras e outros restos de ósos dun exemplar de *Elephas primigenius* que se gardan no museo Luis Iglesias da Facultade de Químicas da Universidade de Santiago.

Casoa en Buxán: esta casa, feita a base de laxas de lousa, atópase un tanto illada da aldea, practicamente en ruínas e cuberta pola maleza. Aínda así destacamos esta edificación polo impresionante acceso, cunha columna cilíndrica a cada lado da porta de acceso.



👁 Vista antiga do portalón da Casoa en Buxán



Non é habitual atopar rochas calcarias en Galicia, posto que contamos cuns solos acedos e cun alto predominio das rochas graníticas e lousas.

O Incio é terra de lousa, pero tamén conta con bos depósitos de rochas calcarias en varios lugares do Concello, polo que en torno a estas se creou outro modelo económico familiar baseado no aproveitamento destas pedras para facer cal, habitualmente empregada para pintar as casas.

O caleiro pode ser de dous tipos, ou construcións de pedra cunha porta debaixo e cheminea ou unha

escavación cilíndrica no solo, cun diámetro e profundidade variable, que eran empregadas para cocer as pedras calcarias.

Segundo contan os veciños no fondo da escavación situábase unha capa de leña e sobre esta unha de pedra calcaria. Encima desta última ía outra de leña e despois outra de cal. Despois prendíase lume e deixábase cocer durante días.

Unha vez cocida a pedra había que abrandala con auga para machucala e facer os anacos pequenos ata chegar ao cal que se vendía ou se empregaba nas propias casas das aldeas.


■ ONDE SE ATOPAN?

Os caleiros atópanse no entorno próximo das aldeas, pero nas que se atopaban preto de rochas calcarias que serviron de materia prima a estas construcións. Xeralmente pertencían ás casas señoriais e os veciños pedíanlles permiso aos propietarios para poder cocer o seu cal. En todo o Concello é coñecida a zona de Reádigos -a actual parroquia de Toldaos- polos seus caleiros e porque nun tempo vendeuse cal.

Desde fai tempo estes caleiros foron abandonados pola competencia insostible das producións industriais sendo estes furados onde se cocía o cal cubertos pola maleza e nalgún caso tapados con terra ou novas construcións.

Quedan vestixios da súa existencia en Toldaos, próximos ao km 11 da estrada LU-641 que vai de A Cruz do Incio ao Val do Mao. Tamén se ten constancia da súa existencia en O Hospital, Eirexalba e no Val do Mao, pero debido ao estado no que se atopan na actualidade sempre vale a pena que algún veciño nos indique a súa localización.

Desde a aldea de Toldaos podemos baixar ata o rego de Toldaos ou de Penalba, nas proximidades da cova de Toldaos, onde podemos atopar unhas rochas calcarias que forman un paisaxe excepcional mesturando as praderías e o bosque autóctono desde o que poderemos acceder por un camiño ao Castro de Toldaos.



👁 Interior do caleiro de Toldaos